

Calendario da lingua

O camiño cara á normalización lingüística na escola infantil Rosalía de Castro, situada no barrio de Coia na cidade de Vigo, nun contexto maioritariamente castelanfalante, leva o equipo educativo a partir de actividades de sensibilización e motivación en que se impliquen os distintos estamentos da comunidade educativa: persoal do centro, familias e crianzas.

Equipo educativo da escola infantil Rosalía de Castro

A experiencia ten lugar na **Escola Infantil Rosalía de Castro**, situada no casco urbano da cidade de Vigo. Na poboación do contorno da escola detéctase pouca

incidencia do idioma galego, un feito contrastado polas enquisas feitas ás familias do alumnado, en que se sinala, maioritariamente, como lingua inicial o castelán. Neste contexto temos presentes as directrices do Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG), aprobado por unanimidade en setembro de 2004 no Parlamento, onde figuran as seguintes medidas:

2.1.22 Establecer unha oferta educativa en galego en preescolar (0-3 anos) e na educación infantil para todos os nenos e nenas galegofalantes.

2.1.23 Fixar, como mínimo, un terzo do horario semanal en galego nestas etapas educativas para os contextos e contornos nos que a lingua predominante sexa o castelán, coa intención de que esta porcentaxe se vaia incrementando progresivamente.

Desde o equipo educativo da escola decidimos deseñar una serie de actividades que teñen como principais finalidades:

FOMENTAR O USO DA LINGUA GALEGA DENTRO DA COMUNIDADE EDUCATIVA, COMO LINGUA PROPIA DE GALICIA.

APRECIAR, CONSERVAR E TRANSMITIR ASPECTOS DA CULTURA DO NOSO PAÍS (REFRANEIRO, CURIOSIDADES).

SENSIBILIZAR AS FAMILIAS SOBRE AS NOSAS ORIXES, QUE DAN PÉ A NOSA LINGUA GALEGA.

TRABALLAR A CREATIVIDADE DESDE A EXPRESIÓN PLÁSTICA.



Clarificando a nosa liña metodolóxica:

A liña metodolóxica da nosa escola ten as festas como recurso didáctico, das que saen: cancións, contos, refráns, vocabulario, adiviñas, danzas, gastronomía..., que constitúen as actividades habituais, que entroncan coa forma de ser das crianzas destas idades máis temperás, lonxe do saber intelectualista ou de laboratorio, máis propio doutras idades. Nesta proposta metodolóxica a colaboración das familias é moi valiosa.

Cada centro de interese leva unha data estrela (FESTA), en que os pais/nais/titores achegan recursos moi valiosos: receitas de cociña, pratos elaborados propios do tempo, que despois degustamos todos e todas, contos inéditos que presentamos, cancións e mesmo vestiario.

Para levarmos a cabo este plan de traballo as familias son informadas polo miúdo antes de comezar cada centro de interese sobre en que consiste a actividade que se vai desenvolver, o tempo que dedicaremos ao traballo e de que xeito precisamos a súa colaboración:

· **CONTRIBUCIÓN CON CANTIGAS, REFRÁNS, DITOS POPULARES, ADIVIÑAS..., LIGADOS AO CALENDARIO.**

· **RECEITAS DE COCIÑA, ELABORACIÓN DE PRATOS, PARA DEGUSTARMOS TODOS.**

A inclusión no Calendario da Lingua das datas relevantes que ten a Escola, parécenos que favorecerá a información directa e presente a diario, co

cal terán máis tempo para recompilar as informacións solicitadas, e reforzará o obxectivo principal: cara á Normalización Lingüística.

Secuencia da experiencia

Partimos das enquisas realizadas ás familias da nosa escola na entrevista persoal a principios de curso en que, entre outras cuestións, falamos sobre a lingua que habitualmente se utiliza nos fogares. Da análise das enquisas despréndese claramente que o contorno é castelanfalante na súa gran maioría.

Esta resposta maioritaria deu pé a experiencia *A Lingua Materna*, que xorde no ámbito do que poderíamos chamar actividades de sensibilización cara á Normalización Lingüística na nosa escola.

Desde o primeiro momento pensamos que estas actividades debían conceder un papel activo ás familias, ao persoal educativo do centro e ás crianzas. Unha destas actividades que é a que imos expoñer neste artigo é a realización dun calendario, que será o calendario da nosa escola, no que intentaremos que todos os estamentos teñan un papel activo.

Comezamos por facer xuntanzas coas familias en que lles explicamos a finalidade da actividade e lles pedimos a súa colaboración para elaborar o calendario. Para iso deberán recompilar refráns e ditos populares... que axuden ao emprego do galego, na vida pública cultural e informativa.

A intervención das crianzas:

Pola nosa parte as distintas aulas da escola repartíronse os

meses do ano e tiveron liberdade para deseñar desde un soporte plástico –debuxo, colaxe, composición de imaxes a partir de programas informáticos, ... –, a base do que logo sería o calendario dese mes. Cada aula recompila todas as contribucións do mes asignado, que día a día van medrando. Logo cada mes montase co deseño propio sobre unha cartolina que se fotografa, unha vez rematada, para levala a un soporte de papel manexábel para editala posteriormente.

Na realización dos traballos plásticos partimos de: material de refugallo, material natural de orixe animal e vexetal, pintura de dedos, cartolinas, gometes, papeis de seda, pinocho e celofán, purpurina, ceras, cola, rotuladores, rolos, pinces, cámara de fotos e os equipos informáticos da escola, comezamos o traballo de composición dos carteis que ían ser a base do calendario.

Nas aulas fomos aproveitando para traballar dun xeito contextualizado as características do mes sobre o que traballaba: o tamaño dos días, os cambios da lúa, aspectos característicos da época do ano, ..., as propostas para a elaboración do cartel tiñan que conter características propias dese mes.

A intervención das familias

Non é algo novo buscar a participación das familias na nosa escola, é algo que procuramos facer de diversas maneiras nas distintas actividades que traballamos ao longo do ano. Neste caso, solicitamos a colaboración das familias para a elaboración do calendario. A súa achega

sería procurar refráns e ditos populares, poesías e cantigas ligados ao calendario anual.

A investigación que fixeron as familias foi o inicio do interese adormecido pola nosa historia, con fala propia, que nos dá personalidade e da que estaremos orgullosos.

A intervención do persoal educativo

Ademais do deseño da actividade e do acompañamento dos traballos feitos polas crianzas, parte do equipo asume unha responsabilidade na ensamblaxe final dos traballos para estes conformaren o calendario que, en soporte papel e formato A-4, será levado por cada crianza para a súa casa. Para iso fotografamos as cartolinas e dixitalizámolas para logo imprimilas.

Desenvolvemento da experiencia

A experiencia desenvolveuse ao longo de todo o ano e non se circunscribiu unicamente ao espazo das aulas posto que se combinaron traballos realizados nestas con outros realizados no exterior e mesmo con algúns que ían e volvían aos domicilios das crianzas.

Avaliación

A resposta foi boa por parte dos distintos axentes implicados na proposta; especialmente salientábel foi a participación das familias, constatada polas recompilacións que achegaron.

O afán de participación que non decaeu, fixo posíbel a adición do calendario ao plan de traballo do seguinte ano, cos axustes na temporalidade, e sobre todo foi semente para defi-

nirmos a lingua inicial de acordo coas probas documentais a que accederon as familias.

Cara á continuidade do proxecto, A Lingua Materna estamos a traballar na procura de ampliar os contidos coa incorporación das datas relevantes que ten a nosa escola.

Recursos do calendario da lingua galega: ditos e refráns Xaneiro

Xaneiro, frío ou temperado, pasaino tapado. Xaneiro mollado, bo para o campo, malo para o gando.

Febreiro

Tápate por febreiro, con dúas capas e un sombreiro. En febreiro, un día o sol e outro o braseiro. Auga de febreiro mellor que a de xaneiro.

Marzo


Quen en marzo non pode a súa viña, perde a súa vendima. O sol de marzo queima as donas no pazo. Se marzo maiea, maio marcea. Marzo, marzán, pola mañán cara de can, a mediodía zoa a abella e a noite a vella. Pola pascua e pola pascuela o roscón ten boa comedela.

Abril

En abril chuvias mil. Abril se malo quere vir, aínda as portas non deixa abrir. Corta cardos en abril e de cada un naceranche mil. Entre marzo e abril, se non ven o cuco quere vir a fin. Pascuas molladas, anadas dobradas. As chuvias de abril, tomban o boi no carril.

Maio

Cordeiriño regalón para maio é un cebón. Maio longo, San






Xoán redondo. Até o corenta de maio non quites o saio. Polo San Isidro, sementa o teu millo. Se marzo maiea e maio marcea, pobres dos que viven na aldea. Cando en maio hai lama, aínda algo se gaña.



Xuño

Auga de San Xoán, nin palla nin gran. En San Xoán, a sardiña molla o pan. Polo San Xoán, as once con día dan. Se San Xoán chora, a silveira non da mora. Polo San Xoán, a fouce na man. Polo San Antón, xa a galiña pon.



Xullo

En xullo arder e patacas coller. Xullo andado, millo arrendado. Cando canta a ra, vén vindo o verán. Dille o labrador ao trigo: en xullo espérote amigo.



Agosto

Nin en agosto camiñar, nin en decembro navegar. En agosto, frío no rostro. Auga de agosto, azafrán, mel e mosto. Cando San Roque volve as costas, o tempo cambia. Trebón de agosto mellora o mosto. En agosto secan os montes ei en setembro as fontes. A castaña quere en agosto arder e en setembro beber. En agosto, sol posto, noite connosco.

Setembro

Para ano de castañas ten que en agosto arder e en setembro beber. Setembro, ou levas as pontes ou seca as fontes. "Polo San Miguel, os figos son mel". San Migueliño das uvas maduras, tarde vés e pouco duras.



Outubro

Febres outonais ou longas ou mortais. Outono chegar, porco



cebar. Polo Pilar, buxainas a bailar. Polo San Clemente, ergue a man da semente. Polo Pilar, os nabos na terra e o viño a envasar. En outubro bota pan e cobre. A lúa de outubro sete días cobre.

Novembro

Polo San Martiño mata o teu porquiño. Novembro é do estío a porta do frío. Por todos os santos, neve nos altos, polo San Andrés, neve nos pés. Polo San Martiño, buxainas ao camiño.

Decembro

Cando en decembro vires nevar acrecenta o pallar. Nadal chuvioso, xaneiro ventoso. Os allos polo San Silvestre, nin nados nin na reste. Nadal mollado, xaneiro xeado. O que quixer ter bo allal plánteo no Nadal.